

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 15/07/2016

<b>DATOS DO TÍTULO</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO TÍTULO</b>	<b>Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde</b>
<b>CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO</b>	<b>Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo</b>
<b>RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO</b>	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (C) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

**Xustificación do Resultado:**

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG do xullo de 2015.

**Cumprimento do proxecto establecido:**

Das evidencias e indicadores aportados no informes de Revisión pola Dirección e de Seguimento da titulación, parece concluirse que o título parece ter unha definición clara de xeito que conta con unha demanda aceptable.

Detéctanse problemas que deben terse en conta por parte dos responsables da titulación. Un dos primeiros problemas está nas cuestión de información e transparencia. A estrutura da páxina Web non é o uso das páxinas institucionais de xeito que certamente difícil atopar información relevantes. Aspectos de organización docente, que deben ser transparentes non soamente para o axentes directamente implicados na titulación (profesorados, PAS e alumnado) se non para o público en xeral, fanse innecesariamente complicados. Outra mención aparte é a derivación de boa parte da información a unha especie de blog que conta como única identificación “Master Turismo Ourense” pero adoece de unha clara identificación e vínculo á institución universitaria.


Outro problema claramente identificable é a duración dos estudos que estase a alcanzar os dous anos. A identificación das causas por parte dos responsables é razoable e probable. Nótase a faltar as accións para a mellora deste aspecto (ben no perfil de ingreso, na elaboración da programación do TFM...).

**Plan de melloras do título:**

Consta a elaboración dun plan de melloras da titulación aprobado pola Comisión de Calidade do centro. Sen embargo o nivel de realización destas é moi baixo.

**Modificacións do plan de estudo:**

Vigo, a 15 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente  
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

<input type="checkbox"/> <b>Conforme excelente</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b>
<input type="checkbox"/> <b>A</b>	<input type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>D</b>
	<input checked="" type="checkbox"/> <b>C</b>	

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	Nas guías das materias Planificación de Destinos Turísticos e Desenvolvemento Sostible Turismo da Natureza e Ecoturismo non se fai unha correcta correlación entre resultados de aprendizaxe e competencias. Este aspecto debería ser revisado.
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	As actas da CAM foron incorporadas ó informe. Aínda que non son públicas os acordos incluídos nelas non deixan entrever a existencia de mecanismos de coordinación docente na titulación xa que a meirande parte dos asuntos tratados son de trámite ou xestión. Non parece haber reflexión sobre a marcha académica do curso, a adecuación do programa formativo nin do deseño de materias. Aínda que non se detectan importantes problemas derivados dos programas das materias, o rexistro de este tipo de incidencias é unha ferramenta inmellorable para o deseño de dunha nova oferta ou modificación dos programas das materias.

### 1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Revisión das guías en DOCNET		Revisión das guías docentes en DOCNET
Non constan rexistros de mecanismos de coordinación docente		Rexistrar as evidencias (actas das reunións) de coordinación académica das materias do

		máster.
--	--	---------

## 1.1.2 Valoración do Criterio:

<b>Organización e Desenvolvemento</b>	<b>B</b>
---------------------------------------	----------

## 1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E4	Guías en DOCNET incompletas
Recomendacións para a mellora		Inexistencia de rexistros de mecanismos de coordinación docente

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	<b>C</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A páxina Web incorpora unha descrición adecuada do programa formativo.</li> <li>• Non consta o traballo de revisión das competencias incluídas nas guías en DOCNET. Esta problemática parece ser un problema desde fai varios cursos. Por exemplo: “Gestión de las Organizaciones Turísticas”, non incorpora todas as competencias incluídas no seu día na memoria, “Planificación de Destinos Turísticos y Desarrollo Sostenible” as competencias se engadiron como unha soa, de xeito que non queda claro cal delas se relaciona coas competencias da titulación o, u claramente sen completar como no caso de “Turismo Interior y Rural”.</li> <li>• Non parece haber unha planificación suficientemente precisa nin dos horarios nin dos exames (ou polo menos non aparece na páxina Web da titulación). A información detallada deste tipo de planificación delégase nun blog (nun servidor non institucional) onde parecen incorporarse este tipo de informacións no momento (<a href="http://www.masterturismoourense.blogspot.com.es/">http://www.masterturismoourense.blogspot.com.es/</a>). Este tipo de información debe ser universal e non soamente a aqueles seguidores dun determinado blog ou rede social.</li> </ul>
A información do SGC é completa?	<b>A</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A titulación está acollida no SGC do centro (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) que conta coa certificación FIDES-AUDIT.</li> </ul>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	<b>C</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A titulación non conta coa información nin co perfil do profesorado que imparte a docencia. Realmente é difícil obter información do profesorado implicado na docencia das materias nin as razóns (CV) pola que ten sido seleccionado para esta función. Non se especifica na información pública da titulación ningún destes aspectos.</li> <li>• As únicas referencias a centro e aula onde se imparte a docencia é na sección de Preguntas Frecuentes (FAQ) da páxina Web. De feito, na páxina de inicio non figura a súa vinculación co centro.</li> </ul>
A información dos resultados é completa	<b>C</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Informe de Revisión pola Dirección é comprensible e actualizada pero non é público.</li> </ul>

## 1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Discrepancias na relación entre resultados de aprendizaxe e competencias nas guías DOCNET		Revisión completa das guías en DOCNET
Información incompleta da organización docente na páxina institucional	Non	Revisión da páxina Web

## 1.2.2 Valoración do Criterio:

<b>Información e Transparencia</b>	<b>C</b>
------------------------------------	----------

## 1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	O centro conta con un SGC recentemente certificado. O número de rexistros relativos a titulación no é grande.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	O centro conta con un SGC recentemente certificado. A Comisión de Calidade de centro está a desenrolar de forma adecuado o sistema.

### 1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

### 1.3.2 Valoración do Criterio:

**Sistema de Garantía de Calidade** **A**

### 1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		Ter a implantación do sistema de garantía interna da calidade do centro certificado

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	A dirección realiza o estudo dos resultados da titulación (incluíndo a satisfacción dos grupos de interese) no informe de Revisión pola Dirección. Non aporta resultados da EAD pero inclúense enquisas de elaboración interna por materia. Neste caso, non se especifica o grao de participación nas mesmas nin se fai unha análise dos resultados.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	O índice de participación do alumnado é realmente baixa para ser estudos de posgrao (15%) de xeito que dificilmente pódese considerar significativa. A de profesorado (50%) debe considerarse mellorable. A consecución de un porcentaxe mínimo de participación non parece ser adoptado como obxectivo de calidade e non se reflexiona no Informe de Revisión da Dirección.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	A baixa participación por parte do alumnado non permite obter conclusións o suficientemente significativas pero poden indicar a necesidade de intervención se son tendencia ó longo dos anos. O grao de satisfacción do alumnado coa orientación (2.72) non é boa e debe mellorarse, similar consideración pódese facer da satisfacción cos resultados dos estudos. En calquera caso, estes resultados non son coherentes cos obtidos nas enquisas de elaboración interna. É de destacar o baixo índice de satisfacción do alumnado coa xestión de calidade porque non debería ser o grupo de interese máis afectado. É misión da titulación e do centro é difundir, tamén entre o alumnado, o carácter positivo e de mellora das políticas de calidade e alixeirar tanto como sexa posible a xestión desta. Aínda que estes resultados son abordados de forma xeral no informe, non parece detectarse as causas e consecuentemente non se identifican posibles propostas de actuacións para melloralos.

**1.4.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa participación do alumnado na enquisa de satisfacción		
Inexistencia de análise das enquisas EAD/internas	Non	Elaborar informes dos resultados das enquisas e a súa relación cos resultados de satisfacción



## 1.4.2 Valoración do Criterio:

<b>Recursos Humanos</b>	<b>B</b>
-------------------------	----------

## 1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I07	Establecer accións para a mellora da satisfacción do alumnado.
Recomendacións para a mellora	E27	Realización das enquisas de EAD e a súa análise.

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

<b>Indicadores:</b>	<b>Descrición</b>
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Todos os grupos de interese parecen sentirse satisfeitos con os recursos materiais e servizos do centro. Non se fai mención da evolución deste indicador co tempo.

**1.5.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

**1.5.2 Valoración do Criterio:**

**Recursos Materiais e Servizos** **A**

**1.5.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	Non se informa da distribución de cualificacións da materia TFM e soamente os porcentaxes de Avaliación, Éxito e Rendemento. No informe salientase o baixo rendemento desta materia (inferior ó 50%) e as probables causas (a participación de unha importante cantidade de traballadores activos no alumnado) pero non se suxiren solucións. Este comportamento está a provocar que a duración dos estudos sexa preto de dous anos.
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Non se informa da distribución de cualificacións das materias e soamente os porcentaxes de Avaliación, Éxito e Rendemento. Os rendementos son superiores ó 70% en todas as materias agás o TFM.  Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matricula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias.

**1.6.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se fai análise das cualificación das materias (incluído o TFM)	Non	Realizar informes anuais da distribución de cualificacións por materias

**1.6.2 Valoración do Criterio:**

**Resultados de Aprendizaxe C**

**1.6.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E25-E17	Realizar e facer público os resultados promedio de avaliación de cada materia da titulación
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Revisar as liñas de traballo e tarefas asignadas o TFM e estudar unha redimensión da materia mais acorde co perfil medio do estudante.

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	No informe de revisión pola dirección faise unha análise dos diferentes indicadores de satisfacción dos grupos de interese.
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	O informe de Revisión pola Dirección é público (páxina Web)
<b>Indicadores:</b>	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Constátase un descenso de alumnos de nova matrícula aínda que o actual (26) asegura a subsistencia da titulación.
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	O grao de satisfacción dos grupos de interese parece descender, no caso do alumnado, sistematicamente. Neste último grupo, a meta estableceuse en 2,5/5 é pouco ambiciosa
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	A taxa de abandono esta a aumentar (20.8%) e a duración media dos estudos acércase xa ós dous anos (1.95) no caso das mulleres. O principal problema segue a ser a baixa porcentaxe de avaliación do TFM (inferior ó 50%). Como resultado, case que a metade do alumnado son repetidores. Non se establecen accións de mellora correctoras.
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Os porcentaxes de ocupación e preferencia son inferiores ós do curso pasado. O primeiro deles leva descendendo desde 2011. Os datos de porcentaxe de adecuación e nota de acceso non suxiren un inadecuado perfil de acceso do alumnado aínda que os responsable deberían analizar as causas do baixo % de preferencia (75).

### 1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixo rendemento da titulación	Non	Analizar a adecuación do TFM, aumentar a % de avaliación desta materia.

### 1.7.2 Valoración do Criterio:


## Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

### 1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I11	Baixa porcentaxe de rendemento

**1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:**

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p><b>CRITERIO 2.</b>  <b>ELEMENTO: A información da organización académica da titulación é completa?</b>  <b>Descrición: Non parece haber unha planificación dos horarios e exames.</b></p> <p><i>No mes de xullo apróbanse na CAM os horarios do curso seguinte e publícanse na web:</i>  <a href="http://www.masterturismoourense.es/area_2.php">http://www.masterturismoourense.es/area_2.php</a></p> <p><a href="http://www.masterturismoourense.es/descargas/horarios_2015_2016/HORARIOS_MDPTIS_PRESENCIAL1516.pdf">http://www.masterturismoourense.es/descargas/horarios_2015_2016/HORARIOS_MDPTIS_PRESENCIAL1516.pdf</a></p>  <p><i>Antes de comezar as aulas envíase mail a todos os matriculados con indicacións do master e co link de acceso aos horarios, materias e persoal docente do master (na propia web do master). O blog ao que se pode acceder a través dun link na web oficial é de apoio e publícase información de interese para alumnos e interesados en xeral. Infórmase da existencia do mesmo no mail de presentación e na primeira sesión do master, sempre como apoio á información enviada por mail e como punto de intercambio de opinións.</i></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b></p> <p><b>Se ha podido comprobar que los horarios están colgados en la web, en el enlace que se indica en la alegación presentada. Se modifica la valoración en este criterio.</b></p>
<p><b>CRITERIO 2.</b>  <b>Descrición: A información dos recursos humanos é completa?</b>  <i>Si que aparece información dos profesores, podendo descargar os seus CVs.</i>  <a href="http://www.masterturismoourense.es/area_2.php">http://www.masterturismoourense.es/area_2.php</a></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b></p> <p><b>En el enlace indicado en las alegaciones se accede a la sección “area de trabajo” donde se recoge información de interés para el estudiante. En dicha página aparece un buscador, que contiene un desplegable con la lista de profesores que imparten docencia en el título, pero si no se hubiese indicado en el pantallazo que se incluye en la alegación,</b></p>



dónde está esa información, no resultaría fácil localizarla. Se recomienda hacer esta información más visible y accesible. En varias fichas de docentes no aparece colgado su cv; sería conveniente que se completase esta información.

**CRITERIO 2.**

**ELEMENTO: A información dos recursos humanos é completa?**

**Descrición: As únicas referencias ao centro e aula onde se imparte docencia é na sección FAQ.**


*Na páxina web, pantalla inicial, parte inferior, aparece un localizador: onde estamos? Pinchando no mesmo aparece o google maps co campus, facultade e aula do master.*

**Admitida:**

- Si
- Non

**Xustificación:**

**Se considera que la información sobre el aula en la que se imparte el máster, debería estar más accesible, pues el localizador que vincula a google maps, se identifica más con la información sobre cómo llegar a la facultad, y no tanto para buscar el aula.**



**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**  
**I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título.**  
**Índice baixo de participación de alumnado e profesorado.**

*O mecanismo de acceso ás enquisas de satisfacción é vía secretaría virtual. Ao inicio de curso anímase aos alumnos a darse de alta na mesma (conseguir NIU...), pero moitos deles, principalmente os que traballan, non están interesados en tal trámite por ser un master dun so curso e desligarse da Uvigo posteriormente. Á hora de pedir que fagan as enquisas non teñen acceso. Dende a coordinación do master pediuse outro mecanismo de acceso a tal ferramenta, identificándose vía DNI, pero non foi posible. De aí a baixa participación (alumnos do grado que xa teñen acceso a faitic).*

*En canto aos profesores, os invitados que non pertencen á Uvigo, tampouco teñen acceso.*

**Admitida:**

- Si  
 Non

**Xustificación:**

**Se anima a la coordinación del máster a continuar promoviendo la participación del alumnado en las encuestas de satisfacción, siendo conscientes de las dificultades que esto entraña. Se podría, en la sesión de presentación, instar a los alumnos a cubrir la solicitud del NIU en ese momento para que tengan posteriormente acceso a la secretaría virtual. Otra posible medida a adoptar sería explicarles a los estudiantes las acciones de mejora llevadas a cabo a raíz de los resultados de las encuestas de satisfacción, para que vean su efectividad.**

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

<input type="checkbox"/> <b>Conforme excelente</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b>
<input type="checkbox"/> <b>A</b>	<input type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>D</b>
	<input checked="" type="checkbox"/> <b>C</b>	

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<b>D</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O nivel de realización do plan de melloras proposto é moi baixo, das propostas feitas o curso anterior, soamente dúas das accións considéranse realizadas polos responsables e non consta as razóns para o moi baixo nivel de realización desta importante actividade.</li> </ul>
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	<b>B</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aínda que as accións de mellora propostas no seu día parece razoable, establécese como único responsable das accións de mellora o coordinador de xeito que descansa sobre el mesmo a responsabilidade da súa realización.</li> <li>O prazo establecido para algunha das accións (maior accesibilidade á información por parte do alumnado) non é razoable.</li> </ul>

### 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación

### 2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	



## 3. Modificacións do plan de estudos

### 3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluíranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado  
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

### 3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	